
I XORNADAS INTERNACIONAIS SOBRE O CASTIÑEIRO

DENOMINACIÓNS DE ORIXE E INDICACIÓNS
XEOGRÁFICAS: OBXECTIVOS E REGULACIÓN.
A INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA
CASTAÑA DE GALICIA.

Ricardo Rivas Barros
Consellería do Medio Rural

San Cibrao das Viñas, 23 de maio de 2008

INTRODUCCIÓN: O CONCEPTO DE CALIDADE NOS PRODUTOS ALIMENTARIOS

- **Múltiples definicións:**
 - “Conxunto de características que diferencian as unidades individuais de produto e determinan o grao de aceptabilidade destas unidades polo usuario ou consumidor”.
 - “A calidade é adecuación ao uso”.
 - “A aptitude dun produto ou servizo para satisfacer as necesidades dos usuarios ou consumidores”(AENOR).
 - Case todas as definicións a relacionan coas características intrínsecas do produto ou servizo e a adaptación ás esixencias do consumidor.
-

INTRODUCCIÓN: O CONCEPTO DE CALIDADE NOS PRODUTOS ALIMENTARIOS (Cont.)

- Calidade subxectiva (características organolépticas, nutricionais, hixiénicas, facilidade uso, compromisos éticos...)
 - Calidade obxectivada: calidade = cumprimento normas
 - Normas obrigatorias: Calidade comercial ou regulamentada (RTS, Normas de calidade, etc.)
 - Normas voluntarias: Calidade diferencial
 - ✓ Públicas: Denominacións de orixe e indicacións xeográficas, especialidades tradicionais garantidas, produción ecolóxica, integrada, etc.
 - ✓ Privadas: EUREP-GAP, BRC, UNE 155.000, Marcas de calidade autonómicas (RC; CV, Galicia Calidade)
 - Sometemento a normas voluntarias:

Estratexia das empresas para diferenciar os seus produtos e posicionalos no mercado. Necesaria ademais para acceder a determinados mercados.
-

AS DENOMINACIÓNS XEOGRÁFICAS DE CALIDADE

- Engloban as distintas marcas de certificación de carácter público nas que a calidade esta baseada na orixe do produto alimentario.
 - Gran arraigo nos países do sur de Europa en relación cos viños. Logo estendéronse a outros produtos e territorios.
 - As denominacións de orixe, e sobre todo as de viños, son as principais en número e facturación.
-

OBXECTIVOS DAS DENOMINACIÓNS XEOGRÁFICAS DE CALIDADE

- Protexer os produtos típicos dunha zona.
 - Normalizalos e tipificalos.
 - Fomentar a súa produción e industrialización.
 - Garantir a súa calidade e orixe.
 - Promocionar o produto no mercado.
 - Protexer os nomes fronte usos indebidos.
 - Incrementar as rendas dos agricultores e favorecer o desenvolvemento rural.
 - Facilitar a reestruturación e organización dos sectores produtivo e industrial.
-

EVOLUCIÓN DO MARCO LEGAL

- Estatuto do viño de 1932.
 - Lei 25/1970, Estatuto da viña o viño e os alcois.
 - Principios dos 90: Novos Regulamentos europeos.
 - Revalorizar o patrimonio gastronómico.
 - Harmonizar as lexislacións.
 - Enfoque máis uniforme.
 - Condicións de competencia leal.
 - Maior credibilidade e seguridade ao consumidor.
 - Protección xurídica a escala europea.
-

EVOLUCIÓN DO MARCO LEGAL (Cont.)

- R (CEE) 2081/92: Denominacións de orixe protexidas (DOP) e indicacións xeográficas protexidas (IXP). Únicos distintivos de calidade de carácter xeográfico para produtos alimentarios non vínicos.
 - R (CEE) 2081/92 deixou fóra do seu ámbito de aplicación o viño e bebidas espirituosas e tampouco afecta a produción agrícola ecolóxica, regulada anteriormente por outro Regulamento Europeo
 - Novo marco legal: R (CE) 510/2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios. Desenvolto polo R (CE) 1898/2006
-

DENOMINACIÓNS DE ORIXE E INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS: DEFINICIÓNS.

- **Denominación de orixe**

É o nome dunha rexión, dun lugar determinado ou, en casos excepcionais, dun país, que serve para designar un produto agrícola ou un produto alimenticio

- Orixinario de dita rexión, de dito lugar determinado ou de dito país.
 - Cuxa calidade ou características se deban fundamental ou exclusivamente ao medio xeográfico cos seus factores naturais e humanos, e
 - Cuxa produción, transformación e elaboración se realicen na zona xeográfica delimitada.
-

DENOMINACIÓNS DE ORIXE E INDICACIÓNS XEOGRÁFICAS: DEFINICIÓNS (Cont.)

- **Indicación xeográfica:**

É o nome dunha rexión, dun lugar determinado ou, en casos excepcionais, dun país, que serve para designar un produto agrícola ou un produto alimenticio

-Orixinario de dita rexión, de dito lugar determinado ou de dito país.

-Que posúa unha calidade determinada, unha reputación ou outra característica que poida atribuírse a dita orixe xeográfica, e

-Cuxa produción, transformación ou elaboración se realicen na zona xeográfica delimitada.

A INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA “CASTAÑA DE GALICIA”: ESTADO DO EXPEDIENTE DE REXISTRO

- Importante reputación no mercado e uso fraudulento da orixe.
 - O desenvolvemento do sector é un obxectivo estratéxico da Consellería do Medio Rural.
 - Valor ambiental
 - Factor para o desenvolvemento rural.
 - Ano 2004 comezan os traballos para a elaboración da documentación para o rexistro.
 - Febreiro de 2005: culminase a redacción do primeiro borrador do prego de condicións
-

**A INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA “CASTAÑA DE GALICIA”:
ESTADO DO EXPEDIENTE DE REXISTRO (Continuación 1)**

- Marzo de 2005: Remisión da documentación ao MAPA
 - Xullo de 2005: Informe do MAPA
 - Agosto 2005: Remisión da nova documentación modificada ao MAPA.
-

**A INDICACIÓN XEOGRÁFICA PROTEXIDA “CASTAÑA DE GALICIA”:
ESTADO DO EXPEDIENTE DE REXISTRO (Continuación 2)**

- Decembro de 2005: Publicación do Real decreto 1414/2005 sobre procedemento de tramitación para o rexistro: obriga a publicar a solicitude de rexistro no BOE (7/3/2006) para oposición a nivel estatal.
 - Marzo e decembro de 2006: Publicación dos R(CE) 510/2006 e R(CE) 1898/2006, nova regulación que fai necesario adaptar a documentación e publicar no DOG (14/12/2006) o novo Prego de condicións.
 - Maio 2007: Envío da documentación a Bruxelas
-

PREGO DE CONDICIÓN DA IXP CASTAÑA DE GALICIA

- Documento no que se recollen
 - Características do produto
 - Normas a respectar na súa obtención
 - Xustificación de que se cumpran os requisitos

 - Estrutura e contido básico (DOG 14/11/2006)

 - a) Denominación do produto: Indicación xeográfica protexida Castaña de Galicia.
-

PREGO DE CONDICIÓN DA IXP CASTAÑA DE GALICIA **(continuación)**

b) Descrición: Froitos dalgún dos 81 cultivares autóctonos con destino ao consumo humano, en fresco ou logo da transformación en : castañas conxeladas, castañas secas, castañas envasada ao natural ou fariña de castañas.

Terán as características seguintes:

- Pericarpo fino, de cor marrón claro e brillante.
 - Episperma fino que penetra lixeiramente na semente e que se separa doadamente ao pelar a castaña.
 - Sabor doce, de textura firme non fariñenta
 - Humidade 50 – 60%
 - Froitos tabicados \leq 15%
 - Froitos/ourizo \leq 3
-

PREGO DE CONDICIÓNS DA IXP CASTAÑA DE GALICIA (continuación 1)

- c) Zona xeográfica: Galicia
 - d) Proba de orixe: Medios para controlar a trazabilidade da produción e o cumprimento do prego.
 - e) Método de obtención: condicións de cultivo (marcos de plantación e coidados culturais: Poda, enxerto, labores, fertilización, rega e recolección) e de procesado e envasado.
 - f) Vínculo: Acreditación de que existe unha relación causal entre o medio de produción e algunha característica ou a reputación.
-

PREGO DE CONDICIÓN DA IXP CASTAÑA DE GALICIA (continuación 2)

- g) Estrutura de control: Ingacal.
- h) Etiquetaxe: Utilización de etiquetas numeradas para control.
- i) Requisitos lexislativos: Normas do E.M. aplicables